



COMUNICADO OFICIAL THE WILD RACE

Dende a Organización queremos informar da difícil decisión que nos vimos abocados a tomar ante a actual situación xerada polo COVID-19, e que deriva na CANCELACIÓN de THE WILD RACE 2020.

Pese a implementación dun riguroso protocolo por parte da Organización para levar a cabo esta edición coa máxima seguridade para os competidores, público e xuíces, e aínda coa súa aprobación por parte das Administracións Competentes, THE WILD RACE considera que, ante a situación agravada dos últimos días, a saúde e o benestar de todos é prioritario, polo que creemos que o máis responsable é a ANULACIÓN desta proba deportiva.

THE WILD RACE realizará a devolución íntegra da inscrición a todos os competidores rexistrados, e efectuarase automaticamente sen necesidade de ningún trámite adicional.

Queremos aproveitar para mostrar o noso meirande agradecemento a todos os que facedes posible este evento: competidores, patrocinadores, institucións, colaboradores e voluntarios. O equipo de THE WILD RACE continúa traballando con toda ilusión e dedicación na Edición 2021.

Vemonos en THE WILD.

Permanecede Salvaxes!!!